



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO E O GRUPO EL PROGRESO PARA A XERACIÓN DE RECURSOS DIXITAIS ACCESIBLES PROCEDENTES DO ESCANEO E TRATAMENTO BIBLIOGRÁFICO DA PUBLICACIÓN EL PROGRESO E DESTINALOS A SÚA INTEGRACIÓN NO REPOSITORIO DE GALICIANA-BIBLIOTECA DIXITAL DE GALICIA

A Consellería de Cultura e Turismo é o departamento da Xunta de Galicia a quen lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural e dos aspectos vinculados á protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos velar pola difusión e preservación das obras que constitúen o patrimonio bibliográfico de Galicia, prestar servizos de apoio, promoción e coordinación das tarefas de control bibliográfico, restauración e dixitalización, así como a de constituír e manter unha biblioteca virtual que asegure a presenza da produción bibliográfica galega, e da relacionada co ámbito lingüístico e temático galego, na Internet.

Antecedentes:

1. Desde o ano 2018 a Consellería, a través da Dirección Xeral de Políticas Culturais, é a responsable de manter e actualizar Galiciana-Biblioteca Dixital de Galicia, o repositorio do patrimonio bibliográfico dixital galego.
2. Anualmente a Consellería destina unha parte do seu orzamento a proxectos de dixitalización que lle permitan continuar incrementando a colección de Galiciana-BDG. En especial, pola fragilidade dos soportes e pola gran demanda por parte dos investigadores e investigadoras e da cidadanía en xeral, estase a concentrar os esforzos de dixitalización na prensa e, en especial, na prensa histórica. Desta forma, xa se dixitalizaron as cabeceiras de El Correo Gallego, La Rexión e El Ideal Gallego, todos eles cabeceiras vivas na actualidade e que foron fundadas antes de 1920.
3. A Consellería tamén é responsable de fomentar relacións de colaboración con outros centros ou organismos tanto públicos como privados que poidan contribuir a incrementar a colección de Galiciana-BDG.

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Grupo El Progreso (fundado en 1908) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde o día da sinatura deste convenio ata a data de realización do seu obxecto e do cumprimento dos compromisos acordados. A data máxima de execución será o 30 de maio de 2019.





O convenio ten por obxecto a xeración de recursos dixitais accesibles procedentes da dixitalización sistemática e da asignación de metadatos da publicación *El Progreso*, depositada na Biblioteca Pública de Lugo e na sede do Grupo el Progreso, coa finalidade de mellorar o acceso ao contido de dita publicación e lograr a súa preservación. O rango cronolóxico obxecto do proceso de dixitalización vinculado a este convenio será o dos números do xornal publicados desde 1941 a 1955, cun total aproximado de 50.000 páxinas para dixitalizar.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte:

1. Que Galiciana-BDG ten como un dos seus principais obxectivos a conservación e difusión do patrimonio hemerográfico galego.
2. Que reducir a manipulación e o uso de materiais orixinais fráxiles ou utilizados intensivamente e crear unha “copia de seguridade” para o material deteriorado como o da prensa histórica é unha das prioridades de todo proxecto de dixitalización.
3. Que o Grupo El Progreso é a persoa xurídica titular dos dereitos de propiedade intelectual da cabeceira de prensa *El Progreso*, unha das máis antigas de Galicia e a de máis relevancia para a provincia de Lugo, e como tal correspóndelle o dereito exclusivo á explotación da obra, sen máis limitacións que as establecidas no *Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Propiedade Intelectual, regularizando, aclarando e harmonizando as disposicións legais vixentes sobre a materia*.
4. Que o Grupo El Progreso posúe a colección completa en papel da cabeceira de prensa de interese para Galicia *El Progreso*, polo que os seus exemplares son determinantes no suposto de que na colección custodiada pola Biblioteca Pública de Lugo, xestionada pola Xunta de Galicia, falte algún número ou rango cronolóxico.
5. Que parte da colección do xornal *El Progreso* xa foi obxecto dun proceso de dixitalización sistemática impulsado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte (anos 1908-1940).
6. Que un dos obxectivos de Galiciana-BDG é tratar de completar dixitalmente as coleccións de prensa histórica galega para tratar de ofrecer aos usuarios a información máis completa posible e facilitarlles un punto único de acceso
7. Que sendo *El Progreso* un xornal de referencia non só para a provincia de Lugo, senón tamén para toda a Comunidade Autónoma, a Consellería considera que sería de interese incrementar o seu rango cronolóxico obxecto de procesos de dixitalización sistemática, fomentando así o seu acceso dixital e garantindo a súa





preservación a través das novas tecnoloxías.

8. Que levar adiante un proceso de dixitalización sobre a colección do xornal *El Progreso* melloraría os servizos para os usuarios en xeral, proporcionando un acceso de maior calidade aos recursos da Consellería en relación ca educación e a formación continua.
9. Que o proxecto de continuar coa dixitalización da publicación de *El Progreso* desde a ano 1941 ata 1955 cumpriría con todos os requisitos para incrementar a colección de Galiciana-BDG e lle permitiría unha difusión máis ampla grazas a participación de Galiciana nos proxectos de Hispana e Europea.

O financiamento desta actuación correrá a cargo da Consellería de Cultura e Turismo, que achegará as cantidades necesarias con cargo ao Presuposto de Gastos do ano 2019 na partida 11.20.432A.640.1.

Os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei de Contratos do Sector público (BOE núm. 272 do 09.11.2017), ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela,

Anxo Manuel Lorenzo Suárez

